*2018210001*
2018210001

# FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Lugar da proba:** | | **Data:** | | **Nivel:** | **CELGA 2** |

## DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Apelidos e nome:** | | | |
| **DNI / NIE / Pasaporte:** | | **Nacionalidade:** | |
| **Data de nacemento:** | ____ / ____ / _________ | **Sexo:** | ☐ Home ☐ Muller |
| **Lugar de nacemento:** | ☐ Galicia ☐ Outras comunidades de España<br>☐ Europa ☐ América ☐ África ☐ Asia ☐ Oceanía | | |
| **Lugar de residencia:** | ☐ Cidade ☐ Vila ☐ Aldea | | |
| **Tipo de estudos cursados:** | ☐ Universitarios ☐ Secundarios ☐ Primarios ☐ Sen estudos | | |

Estes datos serán totalmente confidenciais. Empregaranse só para efectuar a análise psicométrica das probas de avaliación.

## INSTRUCIÓNS PARA A PERSOA CANDIDATA:

- Lea detidamente as instrucións do exame antes de comezar a responder.
- Empregue bolígrafo negro ou azul.
- Non se permite usar material de apoio.
- Adecúese á tarefa que se lle pide.
- Axústese ao número de palabras que se lle pide. Valorarase negativamente que non chegue a ese número de palabras ou que se exceda demasiado.
- Non se lle proporcionará outro caderno de exame.
- Debe empregar as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- Non utilice o seu nome real no texto da proba nin marque o exame con ningún sinal (por exemplo, non use típex).
- Terá que entregar os borradores ao final da proba. Estes borradores destruiranse e en ningún caso se valorarán.
- Non adecuarse a estas normas pode supor a anulación do exame ou obter unha cualificación negativa nalgún dos parámetros de avaliación.

*2018210001*
2018210001

Celga
Certificado Lingua Galega

XUNTA DE GALICIA

C2-A-19

*2018210001*
2018210001

**Proba A1**

A vostede sorpréndelle que Galicia sexa cada ano o lugar de destino dun gran número de turistas. Tras ver a seguinte reportaxe nun programa de televisión, decide compartir a información achegada a través dun **comentario** no seu blog de viaxes. No texto, de **200 palabras**, ten que:

- Saudar e expresar a súa sorpresa polo auxe deste sector.
- Expoñer as causas principais do incremento do turismo en Galicia.
- Describir brevemente e comentar o caso das cabanas de Outes.
- Animar a xente que o segue para que as visiten e despedirse

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA
COMECE NA SEGUINTE

Celga
Certificado Lingua Galega

*2018210001*
2018210001

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

**Proba A2**

Vostede recibe unha mensaxe dun familiar na que lle fala das dificultades que ten para atopar un traballo. Despois de ler estes consellos nun xornal, decide contestarlle a través dunha **mensaxe electrónica**, de **200 palabras**, na que debe:

- Saudalo e interesarse pola súa situación.
- Explicarlle as distintas opcións que ten para atopar un traballo.
- Suxerirlle a vía máis axeitada para o seu caso.
- Contarlle a experiencia dalgunha persoa que coñeza e despedirse.




# Buscar emprego

## Amizades e coñecidos, a vía máis eficaz
## Intermediarios: diferenzas en resultados e en rapidez

Despois de establecer os criterios que máis se valoran na busca dun emprego, é útil utilizar os intermediarios do mercado de traballo para contactar coas empresas. Cantos máis se utilicen, máis posibilidades de éxito haberá.

Velaquí ten distintas posibilidades:

**ETT:** empresas privadas que contratan persoal para poñelo á disposición doutras por un período de tempo. Segundo a normativa, as persoas contratadas por unha empresa de traballo temporal deben recibir o mesmo salario que as contratadas directamente pola empresa usuaria. Do 15 % ao 20 % das contratacións laborais realízanse por este medio.

**Axencias de colocación:** entidades intermediarias que colaboran cos servizos públicos de emprego para axudarlles ás persoas a atopar un posto de traballo e ás empresas a contratar o persoal máis axeitado. Estas axencias, aínda que non é o habitual, poden cobrar polos seus servizos. O 6 % das contratacións laborais conséguense mediante estas axencias.

**Servizos públicos de emprego (SPE):** institucións públicas que actúan como intermediarias do mercado de traballo e que lle ofrecen a toda a poboación a posibilidade de beneficiarse dos seus servizos (orientación para o emprego, formación gratuíta, inserción laboral...). A busca de traballo a través dos SPE é máis axeitada para as persoas desempregadas de longa duración. Non obstante, os SPE non ofrecen unha alta porcentaxe de colocación (8-10 %).

**Internet:** ofrece moitos portais especializados en formación, asesoramento e busca de emprego. É espectacular o aumento de persoas que os visitan e tamén o aumento das contratacións mediante estes portais (ata un 6 %). O perfil de xente que os utiliza ten entre 20 e 34 anos, de clase media-alta e con formación.

**Anuncios de emprego na prensa:** só un 2 % dos contratos laborais son froito das ofertas de emprego publicadas na prensa, aínda que mediante estes anuncios se poden observar as tendencias do mercado e cales son as profesións máis demandadas.

**O boca a boca:** é a rede social de contactos persoais. Trátase de revisar a nosa axenda de contactos para ver quen pode facilitarnos o camiño para entrar nun posto de traballo. Arredor do 70 % dos traballos que se atopan son a través de xente coñecida.

**Texto adaptado da revista *Consumer***

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA
COMECE NA SEGUINTE

*2018210001*
2018210001

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

*2018210001*
2018210001

PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA

# CELGA

**FOLLA DE REVISIÓN DA PROBA**

Apelidos e nome ou código da persoa que revisa a proba (3ª corrección):

| | Adecuación | | | | Cohesión e coherencia | | | | Gramática | | | | Léxico | | | | Cualificación | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| A1 | 1 | 2 | 3 | 4 | 1 | 2 | 3 | 4 | 1 | 2 | 3 | 4 | 1 | 2 | 3 | 4 | Apto/a | Non apto/a |
| A2 | 1 | 2 | 3 | 4 | 1 | 2 | 3 | 4 | 1 | 2 | 3 | 4 | 1 | 2 | 3 | 4 | | |

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:

*2018210001*
2018210001

PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA

# CELGA

## FOLLA DE SUPERVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que supervisa a proba (2ª corrección):

| | Adecuación | | | | Cohesión e coherencia | | | | Gramática | | | | Léxico | | | | Cualificación | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| A1 | 1 | 2 | 3 | 4 | 1 | 2 | 3 | 4 | 1 | 2 | 3 | 4 | 1 | 2 | 3 | 4 | Apto/a | Non apto/a |
| A2 | 1 | 2 | 3 | 4 | 1 | 2 | 3 | 4 | 1 | 2 | 3 | 4 | 1 | 2 | 3 | 4 | | |

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:

*2018210001*
2018210001

PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA

# CELGA

**FOLLA DE AVALIACIÓN DA PROBA**

Apelidos e nome ou código da persoa que avalía a proba (1ª corrección):

| | Adecuación | | | | Cohesión e coherencia | | | | Gramática | | | | Léxico | | | | Cualificación | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| A1 | 1 | 2 | 3 | 4 | 1 | 2 | 3 | 4 | 1 | 2 | 3 | 4 | 1 | 2 | 3 | 4 | Apto/a | Non apto/a |
| A2 | 1 | 2 | 3 | 4 | 1 | 2 | 3 | 4 | 1 | 2 | 3 | 4 | 1 | 2 | 3 | 4 | | |

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións: